

Utilización das instalacións deportivas

Normativa xeral interna de utilización das instalacións deportivas dependentes do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo

índice

| | |
|--|----|
| Introducción..... | 2 |
| Dereitos dos usuarios..... | 2 |
| Reclamacións..... | 3 |
| Deberes dos usuarios..... | 3 |
| Sancións..... | 4 |
| Clubes ou entidades deportivas..... | 4 |
| Normativa interna para a solicitude e concesión das instalacións deportivas do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo a clubs ou entidades deportivas para unha tempada deportiva..... | 6 |
| Normativa interna para a solicitude e concesión das instalacións deportivas do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo a centros escolares..... | 7 |
| Normativa interna de reserva de instalacións deportivas: pistas de tenis, frontón, squash..... | 8 |
| Normativa interna de utilización dos ximnasios municipais..... | 10 |
| Normativa interna de utilización das piscinas..... | 11 |
| Normativa interna de utilización do rocódromo..... | 11 |

Introducción

Para elevar o nivel de participación no feito deportivo e a actividade física dos cidadáns e das cidadás, é necesario o uso ordenado e regulado das instalacións existentes. E, neste sentido, a optimización do rendemento das instalacións deportivas debe ser o soporte fundamental do servizo público que ten que establecerse para o desenvolvemento consecuente do deporte na cidade de Vigo.

Artigo 1. Son instalacións deportivas municipais todos os edificios, campos e recintos dependentes do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo.

Dereitos dos usuarios

Artigo 2. As instalacións deportivas municipais estarán abertas ó público, e poderá acceder a elas e utilízalas calquera cidadán ou cidadá mediante o abono do correspondente prezo público que reflicte a ordenanza reguladora de prezos públicos.

Artigo 3. En cada instalación poderán practicarse, preferentemente, aqueles deportes a que especificamente estean destinadas. Tamén se poderán practicar outros, sempre que tecnicamente sexa posible, e logo da autorización municipal que outorgará a dirección do I.M.D.

Artigo 4. Durante o horario lectivo (de 9.00 a 14.00 h.) e durante o calendario escolar, terán acceso preferente as instalacións os centros docentes públicos sen instalacións deportivas, para impartir ensinanzas de Educación Física.

Artigo 5. Fóra do horario lectivo terán preferencia para o uso das instalacións deportivas municipais todos aqueles programas de promoción deportiva levados a cabo polo Instituto Municipal dos Deportes de Vigo. As escolas deportivas terán preferencia horaria na programación de actividades nunha instalación no horario de 16:00 a 20:00 horas.

Artigo 6. Os usuarios e usuarias dos servizos e instalacións poderán elixir os tipos de cotas que figuren na ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos, segundo as condicións de uso establecidas. Calquera usuario ou usuaria que teña aboada a cuota correspondente ten dereito a utilizar o servizo ou instalación nas condicións fixadas na vixente normativa.

Artigo 7. No caso de desaxuste de horarios por causas alleas, os usuarios poderán optar por:

- a. Prorrogar a súa hora de comezo da actividade se a seguinte hora non estivese alugada ou reservada.
- b. Cambiar a outra instalación que estivese libre, sempre que o regulamento de uso llelo permita.
- c. Solicitar a devolución da cota coa presentación do recibo.
- d. Solicitar un cambio da data e/ou hora coa presentación do recibo.

Artigo 8. O usuario poderá renunciar ó uso da instalación ou servizo e terá dereito á devolución do importe da cota, ou optará a unha nova reserva, sempre que presente o correspondente comprobante de pagamento e estea ademais *nos seguintes casos*:

8.1. Cando por problemas ou incidencias alleas ó usuario sexa suspendido o servizo ou actividades en máis de cinco días hábiles, agás en datas de vacacións.

8.2. Por causas de avarías nas instalacións.

8.3. Por razóns especiais de organización do IMD.

Non se atenderá ó disposto nos apartados anteriores no caso de que as inclemencias meteorolóxicas impidan a práctica deportiva, así como por problemas derivados dos usuarios, non sendo o disposto no apartado IV, subapartado f, deste regulamento.

Reclamacións

Artigo 9. Na oficina administrativa do IMD poderá facerse calquera reclamación ou suxestión a través do rexistro.

O IMD comprométese a responder as reclamacións debidamente presentadas e rexistradas nas oficinas do IMD.

Deberes dos usuarios

Artigo 10. Os usuarios e usuarias deberán ter os recibos correspondentes e conservalos durante o seu tempo de validez.

Os recibos serán de utilización exclusiva da persoa ou entidade para a que foron emitidos, e deberán gardelos no caso de reclamación posterior.

Artigo 11. Para a correcta utilización das pistas deportivas e campos de xogo será obrigatorio o uso de indumentaria e calzado deportivo axeitado.

Artigo 12. Non esta permitido fumar nas instalacións deportivas e non se poderá acceder con botes e recipientes de vidro ós espazos deportivos.

Os danos ocasionados polo mal uso das instalacións serán responsabilidade do causante.

Non se permite a colocación de publicidade sen o consentimento expreso da dirección do IMD.

Artigo 13. Os usuarios e usuarias deberán axustarse ós horarios e as características concertadas no concepto de aluguer ou reserva de instalación.

Artigo 14. En todo momento recoméndase:

14.1. Seguir as indicacións do persoal responsable da instalación e do profesorado.

14.2. Facer uso de cada instalación para o que está destinada.

14.3. Non introducir obxectos ou elementos que poidan causar lesións, deteriorar os equipamentos ou perturbar a tranquilidade dos usuarios.

14.4. Non ter comportamentos que impliquen perigosidade para a integridade física dos demais usuarios.

Sancións

Artigo 15. Actuar negligentemente no cumprimento dos deberes poderá provocar sancións coma:

- Expulsión no día polo conserxe encargado da instalación.
- Retirada do carné de usuario ou de alumno. A súa retirada non implica a devolución do importe da cota restante que estea sen utilizar.
- Prohibición do acceso ó servizo ou instalación durante o tempo que a dirección do IMD considere oportuno, segundo a gravidade da infracción.

15.1. Estas sancións serán tomadas pola dirección do IMD, unha vez estudadas as causas, que lle serán notificadas ó presidente da Xunta Rectora.

15.2. Tamén en función da gravidade da infracción poderanse emprender as accións xurídicas que correspondan. Polo tanto este regulamento non exime doutros procedementos que estableza a lexislación vixente. Neste caso os expedientes sancionadores seranlle dirixidos á Xunta Rectora do IMD, formularase por parte do persoal do IMD o prego de cargos contemplando os feitos imputados, notificaráselle ó interesado ou interesada e concederáselle un prazo para as alegacións. A Xunta Rectora formulará a resolución do expediente, que lle será notificada ó interesado ou interesada.

Clubes ou entidades deportivas

Artigo 16. Os clubs deportivos ou aquelas entidades interesadas en reservar durante a tempada deportiva o uso dunha instalación para os seus adestramentos poderá solicitalo conforme a normativa vixente.

Artigo 17. Cada equipo poderá facer uso das instalacións concedidas a partir do mes de outubro do ano en curso ata o 15 de xuño do seguinte.

Artigo 18. Os clubs ou entidades deportivas ás que se lles concedese o uso de instalacións deportivas do IMD non poderán facer uso delas ata non aboaren as cotas fixadas.

O pagamento dos prezos derivados do alugueiro deberán aboarse antes do día 5 de cada mes. Todos os equipos teñen a obriga de presentarlle os recibos de pagamento actualizados ó empregado ou empregada do IMD que llelo solicite.

Artigo 19. Os clubs ou entidades deportivas poderán reservar o uso de instalacións deportivas para a celebración das súas competicións dentro dos horarios da fin de semana, para o que deberán solicitalas como mínimo a semana anterior. A concesión das reservas realizarase entre o luns e martes da semana correspondente, e o clube ou entidade deportiva deberá confirmar a reserva, logo de pagar o prezo público correspondente, sempre antes do xoves da mesma semana.

Artigo 20. O IMD poderá variar ou deixar sen efecto algunha autorización antes do vencemento establecido por algún dos seguintes motivos:

- 20.1. Por necesidades de programación.
- 20.2. Por causas de interese público.
- 20.3. Por incumprimento das obrigas establecidas na autorización.
- 20.4. Por causa de comportamento pouco cívico ou antideportivo dalgún compoñente da

entidade ou clube autorizado, sempre que sexa de forma reiterada e evidente.

20.5. Por non ter pagos os prezos por uso da instalación conforme o regulamento vixente.

20.6. Por incumprimento reiterado do artigo 14.

20.8. Pola baixa asistencia de xogadores ou xogadoras ós adestramentos, de forma reiterada.

Artigo 21. Cada clube ou entidade deportiva que teña concedido o uso dalgunha instalación deportiva por unha tempada, se o IMD así llo solicita, terá que realizar a inscrición dos seus xogadores mediante un carné nominal e intransferible, cun número máximo de usuarios que non provoque problemas na dinámica do desenvolvemento da actividade, así como na funcionalidade das instalacións anexas (os vestiarios, por exemplo):

- Fútbol..... 22 carnés
- Outras actividades..... 16 carnés

Durante o período de validez é imprescindible presentarlle o carné na entrada a calquera empregado municipal que o solicite.

Con este carné só se terá acceso ás instalacións deportivas, así como ós vestiarios asignados, durante o tempo e horarios fixados.

Artigo 22. A cesión das instalacións a clubs e entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, e non poderán ser utilizadas para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá serlle comunicada á dirección deportiva do IMD; estas modificacións serán aboadas antes da celebración dos encontros segundo as tarifas vixentes.

Artigo 23. Todos os deportistas poderán entrar nas instalacións 20 minutos antes de que comece a súa hora de adestramento e deberán abandonala 20 minutos despois de finalizar o horario de adestramento. Para as competicións poderán entrar na instalación 30 minutos antes e deberán abandonala 20 minutos despois.

23.1. O delegado ou delegada do equipo será o responsable da chave do vestiario, e deberá entregala na conserxería unha vez finalizado o adestramento.

23.2. O IMD poderá fixar unha taxa para a entrega das chaves.

Artigo 24. Todos os equipos deberán comunicar con tres días de antelación os días que non vaian facer uso das instalacións concedidas.

Artigo 25. Todos os equipos respectarán escrupulosamente os horarios adxudicados e deberán comezar os seus adestramentos e partidos puntualmente. Se un partido comezase cun retraso de máis de 15 minutos, poderá ser suspendido polo persoal responsable da instalación do IMD.

Artigo 26. Ningún equipo ou entidade deportiva poderá cederlles os dereitos de utilización dalgunha instalación deportiva municipal a terceiros.

Artigo 27. Todos os xogadores e usuarios deberán facer uso correcto dos materiais mobles ou inmobles das instalacións, respectando as normas de uso das distintas áreas ou unidades deportivas. É imprescindible o uso de prendas deportivas axeitadas ó deporte que se practica na instalación, e o calzado sempre será distinto ó da rúa.

27.1. No caso de rotura ou desperfecto polo mal uso destes, serán responsables, e deberán aboar os desperfectos, baixo pena de prohibición de uso das Instalacións e outras accións legais:

- a. O representante do clube ou entidade deportiva cando se trata dun uso colectivo.
- b. A dirección do Centro Escolar, cando se trata dun colexio.

c. A persoa directa da acción, en calquera outro caso.

Artigo 28. O IMD non se fai responsable dos accidentes ou lesións que poidan acontecer por actuacións negligentes ou en prácticas deportivas, nin dos roubos que poidan producirse dentro das instalacións.

28.1. Ó non disposto, estarase suxeito ó que dispoña a Xunta Rectora do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo.

Normativa interna para a solicitude e concesión das instalacións deportivas do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo a clubs ou entidades deportivas para unha tempada deportiva

Os clubs ou entidades deportivas interesadas en reservar durante unha tempada deportiva algunha das instalacións dependentes do IMD de Vigo deberán cubrir a solicitude correspondente e aterse á normativa aquí contemplada.

Artigo 29. Instalacións

As instalacións obxecto de petición de reserva poden ser todas aquelas que estean baixo a dependencia do IMD de Vigo.

Artigo 30. Horarios

Os días e horarios que poderán solicitar para os adestramentos comprenden de luns a venres no horario de mañá e tarde.

Os partidos celebraranse os sábados todo o día e o domingo á mañá.

Excepcionalmente poderase conceder a celebración de competicións deportivas de luns a venres, logo da xustificación da súa necesidade.

Artigo 31. Solicitudes

Os clubs ou entidades deportivas poderán, para efectuar os seus adestramentos ou competicións, solicitar a reserva dunha instalación determinada un ou mais días á semana, e unha hora ou máis por día. Todos estes datos deberanse sinalar na solicitude.

31.1. Todos os solicitantes deberán estar inscritos no Rexistro Municipal de entidades deportivas.

31.2. O prazo de entrega das solicitudes establécese do 1 de xullo ó 31 de agosto.

31.3. Todas as solicitudes recibidas dunha mesma instalación serán estudadas e clasificadas conforme o criterio contemplado no artigo 4 desta normativa e ateranse á orde de prioridade.

31.4. Consonte esa clasificación a dirección deportiva do IMD asignaralle a cada entidade os días e horas, en función da dispoñibilidade de cada instalación.

Artigo 32. Criterios de prioridade

A prioridade para a reserva das instalacións entre os clubs ou entidades deportivas solicitantes, será:

32.1. Os clubs ou entidades deportivas locais que estean federados.

32.1.1. Entre solicitudes de distintas modalidades, analizarase a situación, nivel de categoría e esixencia da modalidade deportiva que se practique.

32.1.2. Entre clubs da mesma modalidade deportiva atenderanse os seguintes puntos:

a. Terán prioridade aquelas entidades deportivas que non teñan instalacións deportivas de seu.

b. Dentro destes, os que militen en categoría superior contarán con preferencia sobre os de inferior categoría.

c. Dentro dos de igual categoría, os que leven mais tempo reservando instalacións terán preferencia sobre os que leven menos tempo.

32.2. Os clubs ou entidades deportivas locais, non federadas:

32.2.1. Entre solicitudes de distintas modalidades, analizarase a situación, nivel de categoría e esixencia da modalidade deportiva que se practique.

32.2.2. Entre os clubs da mesma modalidade deportiva atenderanse os seguintes puntos:

a. Terán prioridade aquelas entidades deportivas que non teñan instalacións deportivas de seu.

b. Dentro destes, terán preferencia, os que a tempada anterior participasen nalgunha das diversas competicións locais e que na presente volvan a participar.

c. Dentro dos clubs locais non federados, os que leven máis tempo reservando instalacións terán preferencia sobre os que leven menos tempo.

32.3. Os clubs ou entidades deportivas non locais:

a. Terán prioridade aquelas entidades deportivas que non teñan instalacións deportivas propias.

b. Entre estes terán preferencia os que están federados sobre os que non o están.

c. Dentro dos non federados, terán preferencia os que leven máis tempo reservando a instalación.

32.4. A concesión dunha franxa horaria unha tempada, en calquera instalación, non implica que esa mesma sexa concedida ó ano seguinte automaticamente polo feito de facer a solicitude; as concesións serán única e exclusivamente para a tempada concedida. Deberase confirmar o horario concedido nas oficinas do IMD.

Artigo 33. Formalización do documento de reserva

Aos clubs ou entidades deportivas que logo da aplicación dos devanditos criterios se lles conceda unha instalación deportiva determinada, deberán confirmar o horario concedido, nunha primeira fase provisional, entre os días 1 e 25 de setembro. Posteriormente, unha vez estudadas as posibles reclamacións, pasarase a unha segunda e definitiva fase, a partir do día 25 de setembro, na que a entidade deportiva deberá formalizar un contrato para a concesión do horario de adestramento. Este contrato terá vixencia dende o 1 de outubro ó 31 de maio, cos seguintes requirimentos:

a. Estar o corrente das obrigas tributarias co Instituto Municipal dos Deportes de Vigo.

b. Pagamento do prezo correspondente ó concepto de clubs ou entidade deportiva aboada ó IMD de Vigo.

c. Datos completos da entidade que reserva, así como do seu responsable.

d. Instalación, día e horas semanais de reserva.

e. Período durante o que a reserva estará vixente.

f. Características do importe da instalación reservada, que deberá satisfacer conforme a normativa vixente.

g. Sinatura do responsable do club e da dirección deportiva do I.M.D. de Vigo.

Xunto a este documento incluíranse as condicións ás que debe suxeitarse o club que reserva a instalación.

No non disposto, estará suxeito ó que dispoña a Xunta Rectora do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo.

Artigo 34. Os grupos escolares só poderán recibir ensinanzas físico-deportivas, se as imparte algún profesional docente.

Artigo 35. As concesións que o IMD lles fai ós centros escolares son exclusivamente para impartir clases de Educación Física. Os adestramentos deportivos, competicións, etc., rexeranse pola normativa de clubes.

Artigo 36. Cada centro escolar ocupará a unidade deportiva asignada de acordo coa planificación entregada ó responsable da instalación.

Artigo 37. O profesorado que imparta as clases de Educación Física será o encargado, ademais da docencia, do control dos alumnos durante toda a súa permanencia na instalación, e será o responsable do seu comportamento.
Sen o profesor quedará denegado o acceso á instalación.

Artigo 38. O número de alumnos estipulado para cada unidade deportiva será:
mínimo: 15 alumnos
máximo: 40 alumnos

Artigo 39. Será obrigatorio o uso por parte do profesorado e alumnos asistentes de calzado e vestimenta deportiva, que deberá traer posta ó chegar ó centro deportivo, agás o calzado, que non será o mesmo có utilizado para a rúa.

Artigo 40. O material da instalación que poida ser utilizado polo Centro escolar será o determinado polo responsable da instalación e recollerao e colocarao o responsable do grupo. O Centro escolar será o responsable da súa perda ou deterioro.

Artigo 41. O baixo rendemento ou mala calidade na impartición de clases de educación física, o incumprimento destas normas de utilización, así coma as lóxicas relacións con empregados, deportistas e profesores, implicará a anulación definitiva do dereito a utilización das instalacións deportivas municipais.

Artigo 42. A cesión definitiva implicará a aceptación por parte do centro escolar de todas estas normativas.

Normativa interna de reserva de instalacións deportivas: pistas de tenis, frontón e squash

Artigo 43. A instalación poderá reservarse o mesmo día ou con 24 horas de antelación, telefónica ou persoalmente, por rigoroso orde de recepción da petición (de xeito alternativo).

Artigo 44. Reserva anticipada.

A instalación poderá reservarse dende o día anterior atendendo ó seguinte horario.

- Tenis e pádel: de 10:00 a 21:00 horas.
- Frontón-Frontenis: de 11:00 a 21:00 horas.
- Squash: de 12:00 a 21:00 horas.

Estas reservas anticipadas, telefónica ou persoalmente, realizaranse exclusivamente nas oficinas do IMD (conserxería central) ubicadas no Pavillón Central das Travesas.

Artigo 45. Pagamentos.

Se a reserva é por teléfono, o usuario deberá proceder ó aboamento do prezo público correspondente antes das 21 horas do mesmo día da reserva; caso de non o facer, procederase á anulación do dereito de reserva.

Artigo 46. Reserva no mesmo día.

Esta reserva poderase realizar persoalmente ou por teléfono directamente na instalación que se pretenda usar; o usuario disporá dunha hora para realizar o pagamento do prezo de alugueiro; caso contrario, procederase á anulación do dereito de reserva.

Artigo 47. Reserva de instalacións con bono.

Existen uns bonos por 10 usos de instalación que están deseñados para favorecer o proceso de pagamento. Deste xeito o usuario, na reserva anticipada e na reserva no mesmo día, non terá que desprazarse ata a instalación para realizar o pagamento. A través dunha chamada e dando a clave do bono queda paga automaticamente a instalación de xogo reservada; no momento do uso deberase presentar o tiquet do bono.

O bono ten unha validez de 10 reservas e unha caducidade de tres meses, e deberá usarse exclusivamente para o que foi contratado.

Artigo 48. Número de horas de reserva de pistas.

48.1. Dous xogadores. Soamente se poderá reservar unha hora. Aqueles que queiran xogar dúas horas seguidas, soamente poderán realizalo se ó finalizar a hora en que estiveron xogando queda algunha pista baleira. Para iso terán que dirixirse á conserxería da instalación.

48.2. Catro xogadores. Poderán reservar como máximo dúas horas seguidas.

48.3. Non poderán alugarse pistas para impartir clases a nivel particular. Os persoal responsable da instalación poderá suspender a actividade se detecta que se está a vulnerar esta norma.

48.4. No interior da instalación só poderán estar os xogadores e xogadoras que van desenvolver a actividade.

Artigo 49. Anulación das reservas.

En caso de anulación dunha reserva xa aboada en instalacións ó aire libre, o IMD emitirá *un vale de incidencias*, polo número de horas pagas, sempre e cando as causas de anulación sexan alleas ó usuario. Este *vale de incidencias* será entregado na instalación correspondente da reserva. O usuario ou usuaria deberá confirmar unha nova hora de uso.

49.1. Cando a reserva se efectuase a través do BONO, a solicitude de anulación farase automaticamente na central administrativa do IMD.

49.2. Estas anulacións soamente poderán ser efectivas 20 minutos antes da utilización da pista reservada.

Normativa interna de utilización dos ximnacios municipais

Artigo 50. Uso da sala de musculación.

Para a utilización da sala de musculación e actividades aeróbicas é obrigatorio o uso dunha toalla para utilizar as máquinas e as esterillas.

50.1. A utilización da sala de musculación e as actividades de grupo dirixidas con profesor (mantemento, aerobic, etc.) non está permitida para menores de 14 anos.

Artigo 51. Renovacións.

A renovación das prazas polos usuarios e as usuarias e entrega do comprobante de pagamento, efectuarase entre o 15 e o 26 de cada mes, ambos incluídos, na conserxería da instalación.

Artigo 52. Prazas libres.

Os 27 de cada mes poranse a disposición do público as prazas vacantes, nas oficinas deportivas do IMD. En caso de coincidir con festivo, pásase ó seguinte día hábil.

Artigo 53. Uso dos armarios persoais.

Os usuarios e usuarias que desexen facer uso dos armarios persoais deberán deixalas abertas despois da as utilizar. No caso de non ser así o persoal da instalación verase obrigado a abrir o armario e baleirar o seu contido.

Artigo 54. É necesario utilizar unha toalla para colocar no banco da sauna e no baño de vapor.

Artigo 55. É necesario ducharse con auga quente e xabón antes de entrar na sauna e no baño de vapor.

Artigo 56. Non se poden deixar obxectos a secar no interior da sauna.

Artigo 57. Non se poden facer limpeza corporais e faciais nin utilizar cremas ou aceites na sauna e no baño de vapor.

57.1. So se poderá acceder a instalación nas horas reservadas.

57.2. Por motivos de saturación na instalación poderá restrinxirse a permanencia na sala de musculación a un máximo dunha hora.

Artigo 58. O profesorado deberá en todo momento atender os usuarios e usuarias da instalación. Non poden ocupar o seu tempo de traballo para desenvolver os seus adestramentos particulares. O profesorado é o encargado de que o usuario cumpra a normativa interna de uso naquelas zonas onde se desenvolve a docencia, e deberá avisar o responsable da instalación caso de non facerse.

Normativa interna de uso das piscinas municipais

Artigo 59. Obrigas dos usuarios.

59.1. Utilizar os vestiarios sinalados polos responsables da instalación.

59.2. Ducharse antes de entrar na auga. Isto é moi importante para a adaptación da temperatura do corpo e a hixiene.

59.3. Usar traxe de baño, gorro e chanclas.

59.4. Nadar pola dereita da rúa e adiantar pola esquerda.

59.5. Comunicarlle ó socorrista se se padece algunha enfermidade que requira de especial atención.

Artigo 60. Está prohibido bañarse con apósitos ou vendaxes, mergullarse, botarse de cabeza, comer, introducir bebidas ou fumar.

Artigo 61. Prohíbese utilizar materiais que poidan molestar ou pór en perigo os demais usuarios.

Artigo 62. Se se padece algunha enfermidade contaxiosa queda restrinxido o acceso a instalación.

Artigo 63. Os pagos e renovacións das prazas efectuaranse conforme o especificado no Artigo 51 da presente normativa. As prazas libres poranse a disposición do público segundo especifica o Artigo 52.

Artigo 64. Durante todo o tempo de permanencia no vaso é necesario seguir sempre as instrucións dos socorristas.

Artigo 65. A entrada libre e o bono permiten un tempo máximo de permanencia na auga dunha hora.

Normativa interna de uso do rocódromo

Artigo 66. Para a utilización desta instalación en uso libre é necesario estar en posesión da licenza federativa correspondente e renovada.

Artigo 67. Nas actividades de grupo non programadas polo IMD a responsabilidade dos membros do grupo recairá na persoa que dirixe a actividade (profesor de Educación Física ou monitor de escalada con licenza en vigor). O IMD non se fai responsable dos danos que poidan sufrir os membros do grupo.

Artigo 68. O horario de utilización do rocódromo queda supeditado ós usos de programación da instalación, e ós horarios que a dirección do IMD indique.